Lectura e práctica de protocolos de valoración antropométrica, así como de recollida e análise de datos. - Traballo individual en aula	<ul style="list-style-type: none"> Explica protocolos e técnicas de realización das probas. 	<ul style="list-style-type: none"> Poñer en práctica os protocolos de valoración antropométrica 	<ul style="list-style-type: none"> Dossier de material para portfolio 	<ul style="list-style-type: none"> Libros e recursos web. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Traballo persoal LC.2 - Traballo persoal TO.1 - Proba práctica TO.2 - Proba práctica TO.3 - Proba práctica 	6,0
Lectura e práctica de protocolos de valoración da CF saudable e outras probas de condición motriz xeral. - Traballo en grupos en sala polivalente.		<ul style="list-style-type: none"> Práctica de protocolos de valoración da CF. Explicación de protocolos e técnica de elaboración dos test. 	<ul style="list-style-type: none"> Dossier de material para portfolio 	<ul style="list-style-type: none"> Libros e recursos web. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Traballo persoal LC.2 - Traballo persoal TO.1 - Proba práctica TO.2 - Proba práctica TO.3 - Proba práctica 	14,0
Manexo de recursos dixitais para o tratamento de datos. - Traballo en parellas con uso de ordenador	<ul style="list-style-type: none"> Explicar uso de medios dixitais. 	<ul style="list-style-type: none"> Rexistro de datos en aplicacións dixitais, tratamento estatístico básico, elaboración de informes. 	<ul style="list-style-type: none"> Dossier de material para portfolio 	<ul style="list-style-type: none"> Pc, follas de cálculo e programas de tratamento estatístico. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.4 - Traballo persoal LC.5 - Traballo persoal TO.4 - Proba práctica TO.5 - Proba práctica TO.6 - Traballo persoal 	9,0
TOTAL						35,0

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	ELABORACIÓN DE PROGRAMAS DE ACONDICIONAMIENTO FÍSICO BÁSICO	69

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Relaciona a mecánica dos exercicios e das actividades de acondicionamento físico básico coa biomecánica e as adaptacións fisiolóxicas do sistema músculo-esquelético, e analiza o seu funcionamento	NO
RA3 - Elabora programas de acondicionamento físico básico, aplicando os fundamentos dos sistemas de mellora das capacidades físicas básicas	SI

4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os distintos principios do adestramento e os factores da carga e a súa aplicación ao proceso da planificación do acondicionamento físico 1.2 Coñecer os métodos de adestramento da resistencia, forza e flexibilidade, así como das capacidades coordinativas implicadas na mellora da condición motriz. 1.3 Coñecer os efectos que produce o adestramento das capacidades físicas sobre os distintos sistemas	1	Exposición dixital e lectura de textos sobre principios do adestramento, factores da carga e métodos e medios de adestramento das capacidades físicas	12,0
2.1 Coñecer as necesidades e adaptacións necesarias nos procesos de adestramento da CF para os distintos grupos de poboación.	2	Exposición dixital e lectura de textos sobre as características específicas de distintos grupos poboacionais, a ter en conta para a elaboración de plans de AF	8,0
3.1 Aplicar os distintos métodos e medios de adestramento das capacidades físicas orientados a distintos grupos poboacionais.	3	Participación e análise de sesións de aplicación dos distintos métodos e medios de adestramento das capacidades físicas.	15,0
4.1 Diseñar e desenvolver practicamente sesións de acondicionamento físico tendo en conta a utilización de distintos materias, os distintos niveis de condición física e/ou limitación física e a prevención de lesións.	4	Posta en práctica de sesións co grupo de compañeiros simulando distintas situacións reais con grupos de características poboacionais distintas e obxectivos distintos.	34,0
TOTAL			69

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.4 Adaptáronse exercicios a diferentes niveis de desenvolvemento da forza e da amplitude de movemento	● TO.1 - Traballo persoal	S	15
CA2.5 Indicáronse os aspectos para ter en conta durante a execución dos exercicios e as posibles contraindicacións	● TO.2 - Proba práctica	N	10
CA2.6 Utilizáronse símbolos, esquemas gráficos e exercicios tipo para interpretar e representar movementos	● LC.1 - Traballo persoal	N	5
CA3.1 Relacionáronse os principios do adestramento deportivo cos mecanismos adaptativos do organismo ao esforzo físico nos sistemas de mellora da condición física	● PE.1 - Cuestionario	S	15
CA3.2 Indicáronse os factores que hai que ter en conta para evitar lesións ou sobrecargas durante o desenvolvemento das capacidades físicas e perceptivo-motrices	● PE.2 - Cuestionario	N	10
CA3.3 Determináronse as capacidades físicas que se deben desenvolver e os métodos máis adecuados, en función dos datos de valoración	● LC.2 - Traballo persoal	S	15
CA3.4 Estableceuse unha secuencia de exercicios para o desenvolvemento das capacidades físicas	● LC.3 - Traballo persoal	N	10
CA3.5 Demostrouse a execución dos exercicios de acondicionamento físico básico e dos de mellora das capacidades perceptivo-motrices	● TO.3 - Proba práctica	N	5
CA3.6 Detectáronse os erros máis frecuentes na realización dos exercicios tipo para o desenvolvemento das capacidades físicas e perceptivo-motrices	● PE.3 - Cuestionario	N	10

Critérios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.7 Determináronse o equipamento e o material tipo para o desenvolvemento da condición física e motriz, e as súas posibles aplicacións	<ul style="list-style-type: none"> LC.4 - Traballo persoal 	N	5
TOTAL			100

4.7.e) Contidos

Contidos
<p>Construción de exercicios a partir dos movementos. Factores da condición física relacionados con exercicios de forza, por parellas ou en grupo, e de amplitude de movementos.</p> <p>Desenvolvemento da forza: sistemas e medios de adestramento. Métodos intensivo, isométrico, isocinético e extensivo. Marxes de esforzo para a saúde.</p> <p>Desenvolvemento da amplitude de movementos: sistemas e medios de adestramento. Métodos activos, pasivos e asistidos.</p> <p>Desenvolvemento integral das capacidades físicas e perceptivo-motrices.</p> <p>Actividades de acondicionamento físico aplicadas aos diferentes niveis de autonomía persoal. Limitacións de autonomía funcional. Factores limitantes do movemento en función do tipo de discapacidade.</p> <p>Singularidades da adaptación ao esforzo e contraindicacións en situacións de limitación na autonomía funcional.</p> <p>Discapacidade. Clasificacións médico-deportivas. Tipos e características. Organización e adaptación de recursos. Consideracións básicas para a adaptación dos materiais e a instalación.</p> <p>Forza. Tipos de forza e sistemas orgánicos implicados.</p> <p>Amplitude de movemento, mobilidade articular e elasticidade muscular.</p> <p>Velocidade. Tipos de velocidade.</p> <p>Capacidades perceptivo-motrices. Propiocepción, esquema corporal, estruturación espazo-tempo, equilibrio e coordinación.</p> <p>Metodoloxía do adestramento. Aplicación dos principios do adestramento nos métodos de mellora das capacidades físicas. Efectos sobre a composición corporal.</p> <p>Principios xerais do desenvolvemento das capacidades físicas.</p> <p>Desenvolvemento das capacidades aeróbica e anaeróbica: sistemas e medios de adestramento. Métodos continuos e fraccionados. Marxes de esforzo para a saúde.</p>

4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Exposición dixital e lectura de textos sobre principios do adestramento, factores da carga e métodos e medios de adestramento das capacidades físicas - Traballo individual e en parellas en aula teórica	<ul style="list-style-type: none"> Exposición de contidos e proposta de traballos de aula. 	<ul style="list-style-type: none"> Confecciona apuntes e resolve cuestións propostas polo docente. 	<ul style="list-style-type: none"> Dossier de material persoal 	<ul style="list-style-type: none"> Canón, PC, libros e recursos web. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Traballo persoal PE.1 - Cuestionario PE.2 - Cuestionario 	12,0
Exposición dixital e lectura de textos sobre as características específicas de distintos grupos poboacionais, a ter en conta para a elaboración de plans de AF - Traballo en grupos reducidos en aula práctica		<ul style="list-style-type: none"> Confección de apuntes Exposición de contidos 	<ul style="list-style-type: none"> Dossier de material persoal 	<ul style="list-style-type: none"> Canón, PC, libros e recursos web. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario 	8,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Participación e análise de sesións de aplicación dos distintos métodos e medios de adestramento das capacidades físicas. - Gran grupo e parellas en aula práctica.	<ul style="list-style-type: none"> Deseña e dirixe sesións; plantexa cuestións e problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> Participa nas sesións e rexistra información relevante sobre as mesmas. 	<ul style="list-style-type: none"> Dossier de material persoal 	<ul style="list-style-type: none"> Material variado de AF, fichas de control. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.4 - Traballo persoal PE.3 - Cuestionario TO.2 - Proba práctica TO.3 - Proba práctica 	15,0
Posta en práctica de sesións co grupo de compañeiros simulando distintas situacións reais con grupos de características poboacionais distintas e obxectivos distintos. - Individual, dirección de grupo en aula práctica.	<ul style="list-style-type: none"> Observación, corrección e guía no desenvolvemento das sesións por parte do alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> Deseño e posta en práctica de sesións segundo os requisitos establecidos; auto e coavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> Dossier de material persoal 	<ul style="list-style-type: none"> Material variado de AF, fichas de control. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Traballo persoal LC.3 - Traballo persoal LC.4 - Traballo persoal TO.1 - Traballo persoal TO.2 - Proba práctica 	34,0
TOTAL						69,0

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	FATIGA E RECUPERACIÓN	10

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Relaciona os niveis de intensidade do exercicio físico coas adaptacións fisiolóxicas dos sistemas cardiorrespiratorio e de regulación, e analiza o comportamento destes	NO
RA6 - Deseña medidas complementarias nos programas de mellora da condición física, analizando a súa repercusión na mellora da saúde e a calidade de vida	NO

4.8.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os distintos factores de desencadeamento de fatiga e os posibles medios de recuperación	1	Visionado de presentacións descritivas dos factores desencadeantes da fatiga e os medios de recuperación	4,0
2.1 Práctica de medios de recuperación.	2	Posta en práctica de técnicas específicas de recuperación: relaxación, respiración, masaxe, estiramientos, e utilización de materiais de apoio.	6,0
TOTAL			10

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.7 Indicáronse os mecanismos fisiolóxicos que conducen a un estado de fatiga física	● PE.1 - Cuestionario	S	30
CA6.1 Seleccionáronse as técnicas que facilitan a recuperación en función do esforzo físico realizado	● LC.1 - Traballo de aula	N	15
CA6.2 Realizáronse as manobras básicas de masaxe de recuperación	● TO.1 - Proba práctica	N	25
CA6.3 Explicáronse o procedemento e as medidas preventivas que hai que ter en conta na aplicación das medidas complementarias hidrotermais, indicando as súas contraindicacións totais ou relativas	● LC.2 - Traballo de aula	N	30
TOTAL			100

4.8.e) Contidos

Contidos
Fatiga. Mecanismo de fatiga. Aspectos hormonais, inmunitarios e patolóxicos da fatiga. Percepción da fatiga e da recuperación. Síndrome de sobreadestramento: diagnóstico, prevención e tratamento. Relación entre traballo e descanso como factor nas adaptacións fisiolóxicas. Equilibrio hídrico: rehidratación e exercicio físico. Medidas de recuperación do esforzo físico. Bases biolóxicas da recuperación. Métodos e medios de recuperación dos substratos enerxéticos. Osíxeno, niveis de mioglobina e reservas musculares de fosfato. Creatina, glicóxeno muscular e hepático, e eliminación do lactato muscular. Medios e métodos de recuperación intrasesión e intersesión: físicos (masaxe, sauna, baños de contraste, auga fría e hidromasaxe) e fisioterapéuticos (electroterapias, terapia con calor de penetración, iontoforese, terapia de corrente dinámica, estimulación nerviosa eléctrica, transcutánea e estimulación eléctrica muscular). Suplementos e fármacos. Axudas psicolóxicas.

4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Visionado de presentacións descritivas dos factores desencadeantes da fatiga e os medios de recuperación - Traballo individual e en parellas en aula teórica	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación de contidos 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración de apuntes 	<ul style="list-style-type: none"> • Dossier de material persoal 	<ul style="list-style-type: none"> • Canon, PC, recursos bibliográficos. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.2 - Traballo de aula • PE.1 - Cuestionario 	4,0
Posta en práctica de técnicas específicas de recuperación: relaxación, respiración, masaxe, estiramientos, e utilización de materiais de apoio. - Individual, dirección de grupo en aula práctica.	<ul style="list-style-type: none"> • Dirección de sesións de recuperación; observación, corrección e guía do traballo do alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> • Participación en tarefas prácticas de recuperación do esforzo; dirección das mesmas seguindo protocolos e técnicas específicas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Dossier de material persoal 	<ul style="list-style-type: none"> • Material específico de técnicas de relaxación. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - Traballo de aula • TO.1 - Proba práctica 	6,0
TOTAL						10,0

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	NUTRICIÓN E ACTIVIDADE FÍSICA	10

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Relaciona os niveis de intensidade do exercicio físico coas adaptacións fisiolóxicas dos sistemas cardiorrespiratorio e de regulación, e analiza o comportamento destes	NO
RA6 - Deseña medidas complementarias nos programas de mellora da condición física, analizando a súa repercusión na mellora da saúde e a calidade de vida	NO

4.9.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar principios inmediatos, grupos alimenticios e os criterios para unha nutrición saudable.	1	Visionado de presentacións e vídeos sobre as bases teóricas dunha alimentación saudable.	4,0
2.1 Realizar cálculos cos instrumentos pertinentes sobre inxesta e gasto enerxético.	2	Cálculos de gasto e inxesta enerxética	2,0
3.1 Analizar propostas de alimentación para distintos grupos poboacionais e adaptar recomendacións segundo necesidades específicas	3	Deseño de recomendacións alimenticias para grupos poboacionais distintos dentro de programas de AF.	4,0
TOTAL			10

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.3 Determinouse a incidencia de hábitos de vida nocivos sobre o nivel de saúde	• LC.1 - Traballos de aula	N	25
CA6.4 Estableceuse a proporción de nutrientes en función do tipo de esforzo físico	• PE.1 - Cuestionario	N	25
CA6.5 Calculouse o balance enerxético entre inxestión e actividade física	• LC.2 - Traballo de aula	N	25
CA6.6 Confeccionouse unha listaxe de hábitos dietéticos saudables	• LC.3 - Traballo de aula	S	25
TOTAL			100

4.9.e) Contidos

Contidos
Hábitos non saudables e condutas de risco para a saúde.
Alimentación e nutrición. Clasificación e grupos de alimentos. Nutrientes. Composición dos alimentos e principios inmediatos. Vitaminas, minerais e auga. Necesidades calóricas. Dieta equilibrada, recomendacións RDA e dieta mediterránea. Necesidades alimentarias antes, durante e despois do exercicio físico, en función dos obxectivos. Axudas ergoxénicas, reposición de

4.9.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Visionado de presentacións e vídeos sobre as bases teóricas dunha alimentación saudable. - Traballo individual e en parellas en aula teórica	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación de contidos e proposta de tarefas de aula; guía na súa elaboración. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración de apuntes e resolución de traballos de aula. 	<ul style="list-style-type: none"> • Dossier de material persoal 	<ul style="list-style-type: none"> • Canon, PC, recursos bibliográficos. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - Traballos de aula 	4,0
Cálculos de gasto e inxesta enerxética - Parellas en aula teórica.	<ul style="list-style-type: none"> • Propon casos prácticos, axuda na resolución e califica respostas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Resolve problemas en aula sobre inxesta e gasto enerxético 	<ul style="list-style-type: none"> • Dossier persoal de material 	<ul style="list-style-type: none"> • Canón, PC, libro media, referencias bibliográficas, vídeos, paxinas web temáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.2 - Traballo de aula • PE.1 - Cuestionario 	2,0
Deseño de recomendacións alimenticias para grupos poboacionais distintos dentro de programas de AF. - Individual en aula teórica.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación, guía e corrección no traballo do alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> • Deseño de recomendacións alimenticias a partir de criterios de base científica. 	<ul style="list-style-type: none"> • Dossier de material persoal 	<ul style="list-style-type: none"> • Canon, PC, recursos bibliográficos. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.3 - Traballo de aula 	4,0
TOTAL						10,0

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	PRIMEIROS AUXILIOS: VALORACIÓN INICIAL E SOPORTE VITAL. TRAUMATISMOS E OUTRAS URXENCIAS	54

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a valoración inicial da asistencia nunha urxencia, analizando os riscos, os recursos dispoñibles e o tipo de axuda necesaria	SI
RA2 - Aplica técnicas de soporte vital e primeiros auxilios, segundo os protocolos establecidos	SI
RA3 - Aplica métodos de mobilización e inmovilización que permitan a evacuación da persoa accidentada, e apoio psicolóxico, en caso necesario	SI

4.10.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Valorar as actuacións a realizar ante distintas situacións de emerxencia. 1.2 Diferenciar as actuacións na valoración primaria e secundaria 1.3 Determinar os compoñentes necesarios nunha caixa de urxencias.	1	Visionado de presentacións descritivas das actuacións en distintas situacións de emerxencia, diferenciando a valoración 1ª e a 2ª, así como os compoñentes dunha caixa de urxencias.	8,0
2.1 Coñecer, familiarizarse e practicar as distintas técnicas de mobilización en rescate de accidentados.	2	Visionado de protocolos de mobilización a accidentados e práctica dos mesmos.	6,0
3.1 Coñecer e aplicar técnicas de apoio psicolóxico perante distintas situacións	3	Lectura de documentos sobre as técnicas de apoio psicolóxico e práctica dos mesmos.	4,0
4.1 Coñecer e realizar correctamente os protocolos e técnicas de soporte vital básico.	4	Visionado de protocolos e técnicas de SVB e práctica dos mesmos.	16,0
5.1 Poñer en práctica os protocolos de actuación en 1º auxilios	5	Práctica dos protocolos e técnicas de SVB	12,0
6.1 Actuar de forma correcta en situacións de emerxencia simuladas.	6	Resolver situacións propostas aplicando os protocolos necesarios	8,0
TOTAL			54

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Xustificouse o xeito de asegurar a zona e as manobras necesarias para acceder á persoa accidentada, identificando os posibles riscos, e propúxose a mellor forma de acceso	● TO.1 - Proba práctica	N	8
CA1.2 Seguíronse as pautas de actuación, segundo protocolo, para a valoración inicial dunha persoa accidentada	● TO.2 - Proba práctica	S	5
CA1.3 Identificáronse situacións de risco vital e definíronse as actuacións que levan consigo	● TO.3 - Proba práctica	N	5
CA1.4 Discrimináronse as circunstancias ou os casos en que non se debe intervir e as técnicas que non debe aplicar o/a primeiro/a interviniente de xeito autónomo	● TO.4 - Proba práctica	N	5
CA1.5 Aplicáronse as técnicas de autoprotección na manipulación de persoas accidentadas	● TO.5 - Proba práctica	N	2
CA1.6 Revisouse o contido mínimo dunha caixa de urxencias e as indicacións dos produtos e medicamentos	● TO.6 - Proba práctica	N	2
CA1.7 Determináronse as prioridades de actuación en función da gravidade e do tipo de lesións, e as técnicas de primeiros auxilios que cómpre aplicar	● TO.7 - Proba práctica	S	5

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.8 Identificáronse os factores que predispoñen á ansiedade en situacións de accidente, emerxencia e dó	● PE.1 - Cuestionario	N	2
CA2.1 Identificáronse e describíronse as fases do protocolo básico de soporte vital	● PE.2 - Cuestionario	N	5
CA2.2 Aplicáronse técnicas de desobstrución da vía aérea	● TO.8 - Proba práctica	S	5
CA2.3 Aplicáronse técnicas de soporte vital segundo o protocolo establecido	● TO.9 - Proba práctica	N	5
CA2.4 Aplicáronse as técnicas básicas e instrumentais de reanimación cardiopulmonar sobre manequíns, mesmo utilizando equipamento de oxigenoterapia e desfibrilador automático e semiautomático	● TO.10 - Proba práctica	S	10
CA2.5 Aplicáronse medidas de posreanimación	● TO.11 - Proba práctica	N	2
CA2.6 Valorouse a importancia de aplicar con precisión os protocolos establecidos	● TO.12 - Proba práctica	N	2
CA2.7 Indicáronse as causas, os síntomas, as pautas de actuación e os aspectos preventivos nas lesións, as patoloxías e os traumatismos máis significativos, en función do medio en que se desenvolve a actividade	● PE.3 - Cuestionario	S	5
CA2.8 Aplicáronse primeiros auxilios ante simulación de patoloxías orgánicas de urxencia e de lesións por axentes físicos, químicos e biolóxicos	● TO.13 - Proba práctica	N	5
CA2.9 Describíronse as repercusións dunha incorrecta aplicación das técnicas de primeiros auxilios e do traslado da persoa accidentada	● PE.4 - Cuestionario	N	2
CA2.10 Aplicáronse as estratexias básicas de comunicación coa persoa accidentada e acompañantes, en función de diferentes estados emocionais	● TO.14 - Proba práctica	N	4
CA2.11 Especificáronse as técnicas para controlar unha situación de dó, ansiedade e angustia ou agresividade	● PE.5 - Cuestionario	N	2
CA3.1 Valorouse a importancia do autocontrol e de infundir confianza e optimismo á persoa accidentada durante toda a actuación	● TO.15 - Proba práctica	N	2
CA3.2 Especificáronse as técnicas para superar psicolxicamente o fracaso na prestación do auxilio	● PE.6 - Cuestionario	N	2
CA3.3 Identificáronse e aplicáronse os métodos básicos para efectuar o rescate dunha persoa accidentada, efectuando as manobras necesarias para acceder á vítima	● LC.1 - Proba práctica	S	5
CA3.4 Aplicáronse os métodos de inmovilización aplicables cando a persoa accidentada ha tido que ser trasladada	● LC.2 - Proba práctica	S	2
CA3.5 Confeccionáronse padiolas e sistemas para a inmovilización e o transporte de persoas enfermas ou accidentadas, utilizando materiais convencionais e inespecíficos ou medios de fortuna	● LC.3 - Proba práctica	S	2
CA3.6 Detectáronse as necesidades psicolxicas da persoa accidentada	● TO.16 - Proba práctica	N	2
CA3.7 Aplicáronse técnicas básicas de soporte psicolxico para mellorar o estado emocional da persoa accidentada	● TO.17 - Proba práctica	N	2
CA3.8 Valorouse a importancia do autocontrol ante situacións de estrés	● TO.18 - Proba práctica	N	2
TOTAL			100

4.10.e) Contidos

Contidos
<p>Urxencia e emerxencia. Sistemas de emerxencia, sistemas integrais de urxencias e organización de sistemas.</p> <p>Protocolo de actuación fronte a emerxencias: valoración inicial, planificación da actuación, localización e formas de acceso, identificación de posibles riscos, protección da zona e acceso á persoa accidentada.</p> <p>Terminoloxía médica ou sanitaria nos primeiros auxilios.</p> <p>Primeiro/a interviniente como parte da cadea asistencial: conduta PAS (protexer, alertar e socorrer). Perfil do/da primeiro/a interviniente: competencias, obxectivos e límites de actuación. Principios xerais. Riscos e protección. Seguridade na intervención. Prevención de doenzas e contaxios.</p>

Contidos
Sistemática de actuación: valoración do nivel de consciencia, comprobación da ventilación e actuación fronte a signos de risco vital.
Actitudes e control da ansiedade: marco legal, responsabilidade e ética profesional.
A caixa de primeiros auxilios: instrumentos, material de cura e fármacos básicos.
Protocolos fronte á obstrución de vía aérea. Obstrución completa e incompleta. Casos especiais. Embarazadas, cativos/as e persoas obesas. Víctima consciente e inconsciente.
Intervención prehospitalaria en accidentes no medio acuático e afogamento, e intervención ante lesións medulares. Atención específica a parturientes ante situación de parto inminente, consonte protocolo establecido.
Atención específica a persoas accidentadas que sufriron lesións por axentes físicos, químicos e mecánicos, consonte protocolos establecidos.
Técnicas e estratexias de superación de situacións de ansiedade, agresividade, angustia e dó.
Valoración do papel do/da primeiro/a interveniente.
Factores que predispoñen á ansiedade en situacións de accidente ou emerxencia.
Fundamentos da reanimación cardiopulmonar básica (RCPB): instrumental, métodos e técnicas básicas.
Actuación fronte á parada respiratoria e cardiorrespiratoria. Masaxe cardíaca e desfibrilación externa semiautomática. Accesorios de apoio á ventilación. Balón resucitador. Osixenoterapia.
Protocolos de RCPB. Persoas adultas. Colectivos especiais. Situacións de afogamento.
Atención inicial ás emerxencias máis frecuentes. Pautas de intervención na aplicación dos primeiros auxilios. Pautas para a non-intervención.
Valoración primaria e secundaria. Detección de lesións, doenzas e traumatismos. Causas, síntomas e signos. Alteracións da conciencia. Febre. Vómitos e diarrea. Desmaios. Lipotimias. Síncope. Shock. Dor abdominal e ventre en táboa. Dor torácica.
Tipos de lesións: clasificación, síntomas e signos. Tratamento básico: hemorraxias, feridas, queimaduras, accidentes eléctricos, accidentes acuáticos e traumatismos. Traumatismos óseos, articulares e musculares; politraumatismos.
Outras situacións de urxencia: intoxicacións; crise anafiláctica; epilepsia e cadros convulsivos; deshidratación; corpos estraños en pel, ollos, oídos e nariz; pequenos traumatismos; urxencias materno-infantís; traumatismos torácicos; accidentes domésticos; accidentes de tráfico; lesións producidas por calor ou frío.
Medidas de posreanimación.
Avaliación da necesidade de efectuar o transporte por doenza repentina ou accidente. Recollida dunha persoa lesionada. Principios básicos do rescate.
Métodos de mobilización e inmovilización máis adecuados en función da patoloxía. Posicións de seguridade.
Traslado de persoas accidentadas.
Transporte de persoas accidentadas a centros sanitarios. Posicións de transporte seguro. Técnicas de inmovilización e transporte de persoas enfermas repentinamente ou accidentadas, utilizando medios convencionais e materiais inespecíficos ou de fortuna.
Emerxencias colectivas e catástrofes. Métodos de triaxe simple.
Técnicas de apoio psicolóxico para persoas accidentadas e familiares. Comunicación en situacións de crise. Canles e tipos de comunicación. Comunicación do persoal asistente coa persoa accidentada e coa familia. Perfil psicolóxico da vítima. Habilidades sociais en situacións de crise. Escucha activa, resposta funcional e comunicación operativa. Apoio psicolóxico e autocontrol.

4.10.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos			
Actividade (título e descrición)				Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Visionado de presentacións descritivas das actuacións en distintas situacións de emerxencia, diferenciando a valoración 1ª e a 2ª, así como os compoñentes dunha caixa de urxencias. - Traxallo individual e en parellas en aula teórica	<ul style="list-style-type: none"> Exposición de contidos, seguemento e axuda na elaboración da caixa de urxencias 	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración de apuntes e confección dunha caixa de urxencias. 	<ul style="list-style-type: none"> Dossier de material persoal 	<ul style="list-style-type: none"> Canon, PC, recursos bibliográficos, caixa de urxencias con material básico. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Cuestionario TO.1 - Proba práctica TO.2 - Proba práctica TO.3 - Proba práctica TO.6 - Proba práctica 	8,0
Visionado de protocolos de movilización a accidentados e práctica dos mesmos. - Traxallo en grupos reducidos en aula práctica	<ul style="list-style-type: none"> Explicación de técnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> Confeccionar apuntes, visionado de vídeos. 	<ul style="list-style-type: none"> Dossier de material persoal 	<ul style="list-style-type: none"> Canon, PC, recursos audiovisuais e bibliográficos. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Proba práctica LC.3 - Proba práctica TO.4 - Proba práctica TO.5 - Proba práctica 	6,0
Lectura de documentos sobre as técnicas de apoio psicolóxico e práctica dos mesmos. - Traxallo en grupos en aula teórica	<ul style="list-style-type: none"> Explicación de contidos, observación e corrección na aplicación das técnicas polo alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> Confección de apuntes e posta en práctica de técnicas de apoio psicolóxico en simulacións. 	<ul style="list-style-type: none"> Dossier de material persoal 	<ul style="list-style-type: none"> Recursos bibliográficos. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario PE.5 - Cuestionario PE.6 - Cuestionario TO.15 - Proba práctica TO.16 - Proba práctica 	4,0
Visionado de protocolos e técnicas de SVB e práctica dos mesmos. - Traxallo individual e por parellas en aula teórica.	<ul style="list-style-type: none"> Explica técnicas e guía na súa aplicación. Observación e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> Visualizar aplicación de técnicas e práctica en situacións de simulación. Auto e coavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> Dossier de material persoal 	<ul style="list-style-type: none"> Canon, PC, recursos audiovisuais e bibliográficos. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Cuestionario TO.8 - Proba práctica TO.9 - Proba práctica TO.10 - Proba práctica TO.11 - Proba práctica TO.12 - Proba práctica TO.14 - Proba práctica 	16,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Practica dos protocolos e técnicas de SVB - Traballo en grupos					<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - Proba práctica • LC.2 - Proba práctica • PE.3 - Cuestionario • TO.7 - Proba práctica • TO.13 - Proba práctica • TO.17 - Proba práctica • TO.18 - Proba práctica 	12,0
Resolver situacións propostas aplicando os protocolos necesarios - Traballo en grupos					<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - Proba práctica • PE.3 - Cuestionario • TO.7 - Proba práctica • TO.13 - Proba práctica • TO.17 - Proba práctica • TO.18 - Proba práctica 	8,0
TOTAL						54,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Neste apartado detállanse os mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva.

En cada avaliación trimestral empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

- Cando menos unha proba obxectiva ou exame.
- Varios traballos individuais ou en grupo a desenvolver de xeito presencial na aula, na maior parte, ou tamén no seu tempo libre.
- Deseño e execución de exercicios/sesións prácticas de acondicionamento físico.

En cada unha destas probas se especificará concretamente cales son os criterios mínimos asociados. Será necesario ter superados todos os criterios mínimos asociados a cada proba para que esta acade o 5. Unha proba que non supere os criterios mínimos asociados non acadará o 5 en ningún caso, aínda que os demais criterios (non mínimos) estean superados.

Mentres exista algún criterio mínimo sen acadar, en calquera das probas, non se poderá superar o módulo. No caso de ter superados todos os criterios mínimos de todas as probas se calculará a nota final en base ás porcentaxes específicas de cada UD:

Será condición indispensable para aprobar acadar o 50% nas probas obxectivas e superar as preguntas dos contidos mínimos.

A avaliación final será resultado da ponderación do valor porcentual de cada unha das UD recollida nesta programación. Para o cálculo en cada trimestre realizarase unha ponderación acorde as UDs traballadas nese trimestre.

Mínimos exigibles da UD.1.

CA1.2: Se identifican os conceptos de saúde e de estilo de vida e se enumeran varios beneficios do exercicio físico sobre os mesmos.

Mínimos exigibles da UD2

CA1.1 - Descríbense varios efectos da práctica sistematizada de exercicio físico sobre os elementos estruturais e funcionais dos sistemas cardiorrespiratorio e de regulación.

CA1.5: Identifícanse as vías enerxéticas utilizadas ante calquera tipo de esforzo en función de duración e intensidade e se coñecen as características básicas das mesmas.

Mínimos exigibles da UD.3.

- En relación coa CA1.2: Descríbense varios efectos da práctica sistematizada de exercicio físico sobre os elementos estruturais e funcionais dos sistemas muscular e óseo.

Mínimos exigibles da UD.4.

CA1.1: Descríbense varios efectos da práctica sistematizada de exercicio físico sobre os elementos estruturais e funcionais dos sistemas nervioso e endócrino

CA1.5 - Descríbóronse os mecanismos básicos de adaptación funcional ao esforzo físico dos sistemas endócrino e nervioso.

Mínimos exigibles da UD.5.

CA2.1: Se identifican os tipos de pancas propostas na proba escrita en función da disposición dos seus compoñentes e a súa actuación no noso corpo.

CA2.2: Se identifica calquera movemento proposto na proba escrita en relación ao plano e eixe no que se realiza.

Mínimos esixibles da UD.6.

CA4.1 e CA4.2: Resolve correctamente un traballo de selección e explicación dunha batería de CF saudable adaptada a un grupo de características concretas

CA4.5 Identificáronse signos indicadores de risco antes da execución das probas de valoración cardiofuncional e durante elas, respecto ao control da intensidade e as patoloxías dos participantes.

CA4.6: Aplica correctamente cuestionarios de avaliación inicial: Selecciona o cuestionario correcto e analiza correctamente os resultados.

CA5.4 Elabora un informe a partir dos datos rexistrados nunha fichas de control, utilizando recursos informáticos específicos e tendo en conta as características da persoa e os obxectivos dun plan de AF.

Mínimos esixibles da UD.7.

CA2.4 Resolve correctamente un caso de selección de exercicios de forza para un usuario determinado.

CA3.1 Utiliza os principios do adestramento deportivo para xustificar a secuencia e selección de medios e cargas nun programa de AF.

CA3.3 Determináronse as capacidades físicas que se deben desenvolver e os métodos máis adecuados no plan de AF.

Mínimos esixibles da UD.8

CA1.7 Indicáronse os mecanismos fisiolóxicos básicos que conducen a un estado de fatiga física.

Mínimos esixibles da UD.9

CA6.6 Confeccionouse unha listaxe de hábitos dietéticos saudables

CA6.5 - Calculouse o balance enerxético entre inxestión e actividade física

Mínimos esixibles da UD.10

CA1.2 Nun suposto práctico identificou correctamente e describiu as fases do protocolo básico de soporte vital.

CA2.2. Nun suposto práctico aplicou correctamente técnicas de desobstrución da vía aérea.

CA2.4. Aplicou correctamente as técnicas básicas e instrumentais de reanimación cardio-pulmonar sobre manequíns.

CA2.7. Indicou as causas, os síntomas, as pautas de actuación e os aspectos preventivos nas lesións, as patoloxías e os traumatismos máis significativos cando menos no 50% dos casos presentados.

CA2.8. Indicou os primeiros auxilios necesarios ante patoloxías orgánicas de urxencia e de lesións por axentes físicos, químicos e biolóxicos cando menos nun 50% dos casos presentados.

CA3.4 Aplicáronse os métodos de inmovilización aplicables nunha persoa accidentada para proceder ao seu traslado

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

- AVALIACIÓN SUSPENSA (mínimos esixibles non superados):

* Se suspenderá unha avaliación no caso de non acadar calquera dos mínimos esixibles. As probas non superadas se repetirán unha vez no trimestre seguinte, agás no terceiro trimestre que se repetirá dentro do mesmo trimestre. No caso de non recuperalas se fará unha última proba no mes de xuño, nas datas seleccionadas por xefatura de estudos para actividades de recuperación, despois da terceira avaliación.

* As probas obxectivas poderanse repetir unha vez no trimestre seguinte (agás no 3º trimestre que se fará durante o mesmo). En caso de repetir unha proba obxectiva a nota válida será a acadada na repetición (incluídos aqueles alumnos que se presenten para subir nota). Tamén se

poden presentar nestas ocasións a subir nota.

* Os traballos, unha vez rematado o prazo de entrega, non se admitirá ningunha entrega. Para recuperar ou subir nota nun traballo será necesario facer unha proba obxectiva específica no trimestre seguinte aproveitando as datas da repetición de probas obxectivas. Tamén se poden presentar nestas ocasións a subir nota.

* As sesións prácticas só se repetirán no caso de que exista tempo material para elo xa que necesitan da participación de todo o grupo, o que non se pode garantir. No caso de que non se supere algún criterio mínimo dunha sesión práctica e non se poda repetir, tamén se fará unha proba obxectiva no período final de recuperacións no mes de xuño.

* As probas obxectivas non recuperadas nas probas de recuperación específicas trimestrais se poderán recuperar no período final de recuperacións do mes de xuño. Esta proba será exclusivamente de mínimos polo que a súa valoración será Apto ou Non apto, sendo Apto un 5 e Non apto supón manter a nota suspensa coa que accede a devandita proba.

* Se un alumno/a copia un traballo ou nunha proba obxectiva devandito traballo ou proba estarán suspensos coa nota mínima (1) e deberán facer os procedementos de recuperación explicados nos apartados anteriores.

* Unha vez recuperadas as distintas probas, as porcentaxes a aplicar serán as indicadas para cada unha das UD's.

* Mentres exista algún mínimo esixible sen acadar, en calquera das probas, non se poderá superar o módulo. No caso de non ter superados todos os criterios mínimos se calculará a nota parcial ou final do seguinte xeito:

- Caso 1. A aplicación das porcentaxes anteriores e inferior a 4,5: Se aplicará a nota resultante da aplicación das porcentaxes.

- Caso 2. A aplicación das porcentaxes anteriores e igual ou superior a 4,5: Se aplicará un 4 como nota parcial ou final, segundo corresponda.

* En ningún caso se fará proba obxectiva, repetición de traballo ou traballo voluntario para subir nota unha vez pasou o prazo das oportunidades descritas anteriormente

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado con perda de avaliación continua necesitará obter unha nota igual ou superior a 5 nunha proba obxectiva de todo o temario.

Esta proba incluírá e especificará todos os criterios mínimos da programación. Será necesario superar todos os criterios mínimos para acadar un 5. Non se terán en conta o resto de criterios si existe algún dos mínimos sen superar.

A proba constará de parte teórica (proba obxectiva de preguntas curtas e/ou tipo test) e parte práctica (deseño e execución de exercicios/sesións).

Proba obxectiva final 100%

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

- Os propios resultados trimestrais dos alumnos.
- Realización de seguimento da programación mensual.
- Realización dunha enquisa de valoración final (enquisa do sistema de calidade)

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Reunión inicial co grupo e realización:

- Cuestionario sobre historial académico, profesional, deportivo, interés académico e profesional.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

- Se poderá solicitar algún traballo adicional e facilitar a realización de titorías fora do horario lectivo, en función das carencias que se detecten no alumnado.
- Adaptaremos canles de comunicación e recursos educativos as características de alumnado CNEAE.
- Facilitaremos acceso aos espazos e uso de material a ACNEAE.
- Utilizaremos TICs para facilitar seguemento de contidos.
- Adaptaremos instrumentos de avaliación segundo as necesidades do ACNEAE
- Termos en conta os protocolos específicos da Xunta para a atención educativa ao ACNEAE

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

- Fomentarse a colaboración mediante os traballos en grupo.
- Fomentarse o respecto as opinións mediante realización de debates e discusións.
- Esixirase limpeza e orde nos traballos.
- Esixirase boa expresión e corrección de faltas de ortografía.
- Teremos en conta medidas pedagóxicas que propicien unha formación coeducativa.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Asistencia a charlas e/ou congresos que se vaian convocando ao longo do presente curso.
- Posible planificación e execución de sesións de acondicionamento físico e valoración da CFS con alumnado e/ou profesorado do centro.
- Masterclass por profesionais con experiencia
- Visita a centros deportivos con oferta variada de programas de AF.

10. Outros apartados

10.1) Alumnado en confinamento

Todos os contidos e as actividades serán cargados na aula virtual polo que o alumnado que teña que estar en casa confinados por mor do COVID poderá seguir coa maior normalidade posible o módulo

10.2) Grupo en confinamento

Se volve a ocorrer unha condición de confinamento xeral o alumnado poderá seguir o transcurso do módulo, tanto en contidos coma en actividades prácticas a través da aula virtual.

10.3) Semipresencialidade

De ser o caso de ter que reducir o número de alumnos/as nos espazos de traballo poderemos dividir o grupo con traballo presencial e traballo



desde a casa, con tarefas adptadas a cada un dos casos.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	Laxeiro	Lalín	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CSAFD02	Acondicionamento físico	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1149	Actividades básicas de acondicionamento físico con soporte musical	2023/2024	6	160	192

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MATÍAS EZEQUIEL ZELARAYÁN VELASCO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de técnico superior en Acondicionamento Físico consiste en elaborar, coordinar, desenvolver e avaliar programas de acondicionamento físico para todos os tipos de persoas usuarias e en diferentes espazos de práctica, dinamizando as actividades e orientándoas cara á mellora da calidade de vida e a saúde, garantindo a seguridade e aplicando criterios de calidade, tanto no proceso como nos resultados do servizo. Neste caso, a través de actividades básicas de acondicionamento físico con soporte musical.

O perfil profesional do título de técnico superior en Acondicionamento Físico, dentro do sector terciario, define un/unha profesional polivalente con capacitación para exercer a súa actividade profesional no ámbito da actividade física saudable, respondendo tanto ás necesidades da poboación, como aos cambios no mercado do sector do fitness.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe					
					114900					
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA5	RA6
1	Características das actividades básicas de AF en grupo con soporte musical	Nesta unidade o alumnado deberá coñecer a orixe, evolución e situación actual destas actividades. Así como as adaptacións fisiolóxicas, capacidades físicas implicadas; contraindicacións e signos de fatiga. Tamén se incidirá nos elementos técnicos básicos comúns a este tipo de actividades: modelos de execución, erros, riscos, criterios de control e hixiene postural, ás modalidades básicas: aeróbic, step, tonificación, ritmos latinos, ós criterios de seguridade para a práctica das actividades básicas de AF en grupo con soporte musical. E por último reflexionarán sobre os perfís de usuarios das ABAF grupais con soporte musical.	45	10	X					
2	Planificación, deseño e dirección de coreografías e programación das ABAF en grupo con soporte musical	Nesta UD o alumnado deberá aprender as bases da programación: principios pedagóxicos e biolóxicos do adestramento, a estrutura da sesión, estratexias metodolóxicas. Tamén terá que ser capaz de manexar os diferentes recursos: base musical e software de edición; software específico de AF con soporte musical. Deseñar coreografías para actividades básicas de aeróbic, tonificación e step: elementos coreográficos comúns. Facer adaptacións a poboacións especiais e avaliar as sesións e os programas de AF con soporte musical.	110	70		X	X	X		
